

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2024052401
ASUNTO	Subministración e substitución das válvulas de expansión das máquinas refrixeradoras do Museo de Pontevedra.
TRÁMITE	Aprobación do expediente de contratación

PMC/jrf

A deputada delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, en virtude das facultades que ten atribuídas, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

O Museo de Pontevedra, pertencente á Deputación de Pontevedra, é unha institución pública, sen fins de lucro, ao servizo da sociedade e do seu desenvolvemento. Para garantir a correcta operatividade dos edificios que integran o Museo de Pontevedra e a correcta conservación das obras de arte expostas, é necesario contar cun sistema de climatización das salas de exposicións a pleno rendemento, para cumprir coas condicións ambientais que require cada tipo de colección artística. O pasado día 09.07.2024 detéctase a avaría das válvulas de expansión de gas refrixerante dunha das máquinas de xeración de frío que compón o sistema de climatización do edificio Castelao. Isto implica que a máquina non se atopa operativa, polo que unicamente está en funcionamento unha das refrixeradoras, co risco que isto supón para garantir as condicións climáticas correctas en tempada de elevadas temperaturas. Cada máquina componse de dous circuitos de refrixeración, polo que temos un total de 4 válvulas de expansión. Ditas válvulas teñen unha vida útil en función das horas de funcionamento que se rexistren e, neste caso, as válvulas existentes xa chegaron ás horas de funcionamento que indica o fabricante como vida útil do equipo, aínda que dúas delas seguen funcionando a día de hoxe. A vista do que antecede, aínda que unicamente se detecta avaría en dúas das válvulas, si se aprecia o deterioro das outras dúas e, tendo en conta que estamos analizando un sistema crítico para o correcto funcionamento do Museo de Pontevedra polas condicións ambientais que se esixe, a área de mantemento considera necesario realizar a substitución das catro válvulas de expansión do sistema, e dar así cumprimento á normativa vixente en materia de instalacións térmicas, xustificándose deste xeito a necesidade e idoneidade deste contratación.

Tal e como recolle o artigo 26 do Real Decreto 1027/2007, de 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios (RITE), para as instalacións térmicas con potencia nominal total instalada en xeración de calor ou frío maior a 70 KW, debe ser unha empresa mantedora especializada a que prestará o mantemento, neste caso de tipo correctivo. O Museo de Pontevedra non conta na actualidade con persoal técnico deste tipo nin medios para atender a reparación a realizar, tendo a obriga de contratar a empresa mantedora correspondente, posto que se trata de funcións específicas e concretas, non habituais, que só se poden prestar por unha empresa desta tipoloxía, debidamente habilitadas.

As actividades do Museo Provincial da Deputación de Pontevedra encontran acomodo na "cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, dacordo cas competencias das demais administracións Públicas neste



ámbito”, segundo se recolle no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

En base ao exposto, con data 09/08/2024, o Vicepresidente, en virtude das competencias delegadas pola Presidencia en materia de contratación, dita Providencia de Inicio de expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, da subministración e substitución das válvulas de expansión das máquinas refrixeradoras do Museo de Pontevedra. Xunto coa providencia, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Visto que con data 12/08/2024, pola intervención emítese documento RC nº 202400172421 por importe de 36.772,14 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/333.3330.632.03 do vixente orzamento provincial.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador do prego de cláusulas económico administrativas particulares e o proxecto da memoria xustificativa, e con data 22/08/2024, solicita o preceptivo informe á Secretaría Xeral da Deputación de Pontevedra.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 04/09/2024.

Visto que con data 06/09/2024, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización a Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Visto o informe favorable emitido pola Intervención, con data 19/09/2024.

Tendo en conta o artigo 18 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal entenderase por contrato mixto aquel que conteña prestacións correspondentes a outro u outros de distinta clase; e que cando comprenda prestacións propias de dous ou mais contratos de obras, subministracións ou servizos, atenderase ao carácter da prestación principal, sendo neste caso a subministración dos materiais.

Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal calíffanse como contratos de subministracións os contratos que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, con ou sen opción de compra, de produtos ou ben inmobles.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, por Resolución da Presidencia número 2024005761, de delegación de atribucións da Presidencia nos centros e áreas de servizos, de 10 de xullo de 2024, delegáronse



na Deputada María Isabel Couselo Torres as competencias en materia de contratación, correspondéndolle respecto deste contrato as competencias como órgano de contratación de conformidade co establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, parágrafo 1, do artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e do establecido na base 16.1.b) de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra,

RESOLVO:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado do artigo 159.6 LCSP, da "Subministración e substitución das válvulas de expansión das máquinas refrixeradoras do Museo de Pontevedra."

O contrato terá un prazo máximo de execución de 2 meses, a contar dende a data de formalización do mesmo.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 3BY5BM9WH1UQVZFP) e de prescricións técnicas (CSV: B39QSDS3KQJ5TQMB) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 36.772,14 euros (IVE engadido) con cargo á aplicación orzamentaria 24/333.3330.632.03 do vixente orzamento provincial.

4.- Nomear responsable do contrato ó Técnico de mantemento do Museo de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de **10 días hábiles**, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

(Documento asinado electronicamente).

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen perxuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

